# IV FESTIVAL DE BANDAS RIBADEO'98

PRAZA DE ABAIXO

DÍA 22

8:30 h




# PROGRAMA

## Banda Escola de Música de Ortigueira

**Arnoldo** (paso-dobre)
Hardy Mertens

**1812** (obertura)
P. I. Tchaikovsky

**El Bateo** (fantasía)
F. Chueca

**Les Misérables** (arr.: W. Barker)
C.-M. Schonberg



## Banda de Lalín

**Cielo andaluz** (paso-dobre)
P. Marquina

**Obertura Punchinello**
A. Reed

**Danzas arménias**
A. Reed

**Viva Navarra**
J. Larregla

**Xúpiter** (de Os Planetas)
G. Holst

## Banda Municipal de Ribadeo

**Non chores por min, Arxentina** (de Evita)
A. Lloyd Webber

**Oregón**
Jacob de Haan

**Choral & Rock** I. Coral II. Rock
Ted Huggens

**El Barça** (paso-dobre)
Llano

Ortigueira é terra de músicos e de bandas. Como antano, na actualidade hai en Ortigueira duas agrupacións. A que nesta ocasión nos visita é a Banda Escola de Música. Banda e Escola contan coa axuda do Concello ortegano para as suas actividades. Jesus Nogueira Franco é o actual director da banda; o mestre Nogueira sucedeu a Francisco Aliaga, músico con quen a Banda Escola comezou a sua andaina hai cinco anos. Neste tempo a Banda-Escola ten gravado para a Rádio e a Televisión galegas e percorrido boa parte de Galiza. O mes pasado a banda ortegana actuou en Paris.

Como o Ortegal de antano, o Deza, de sempre, é unha comarca inzada de bandas. A Banda Municipal de Lalin é, sen dúbida, a máis importante delas e unha das máis prestixiosas de Galiza. Actualmente, a banda lalinense está dirixida polo mestre holandés Marcel van Bree, quen dirixe tamén o Conservatório Profisional de Música de Lalin e máis a Banda Sinfónica de Galiza, agrupación que actuou en Ribadeo en 1994, cando se celebrou na nosa vila o Congreso de Bandas de Música Populares da Galiza. Con el, a banda lalinense obtivo o segundo prémio do Certame de Bandas da Televisión de Galiza de 1995. A Banda de Lalin ten gravado un CD.

Como a de Lalin, a Banda Municipal de Ribadeo, que dirixe desde a sua criación en 1992 o músico Hernán Naval, ten no mercado un CD gravado o pasado verán. Naval dirixe tamén a Escola Municipal de Música, de donde teñen saído os oitenta compoñentes amaters da agrupación ribadense.
A Banda Municipal de Ribadeo ten actuado en Madrid, Barcelona, Múrcia, Lisboa... En novembro do ano pasado actuou no Teatro Campoamor de Oviedo. O mes que ven volverá a Portugal, para participar no Festival de Bandas de Tomar.



RIBADEO

LALÍN

ORTIGUEIRA

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO
ASOCIACION «AMADORES DA MUSICA»

EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Federación Galega de Bandas de Música Populares